



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 12 DE XUÑO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto sobre prestación de atención sanitaria especializada hospitalaria para a poboación adscrita ao centro de saúde de San Xoán de Río

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración suscrito pola Xunta de Galicia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre- Real Casa de Moeda, con data 18 de xuño de 2007, para a prestación de servizos de certificación de sinatura electrónica e outros servizos relativos á Administración electrónica

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de trinta e un millóns cento setenta e un mil douscentos noventa e tres euros con setenta e catro céntimos (31.171.293,74 euros), correspondente á obra: Variante da PO-546 no termo municipal de Pontevedra, entre o Regueiriño e a PO-11
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de corenta millóns cincocentos corenta e tres mil douscentos trinta e un euros con vinte e sete céntimos (40.543.231,27 euros), correspondente á Vía Ártabra treito I: enlace Meiras e variante de Oleiros



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda 2008 a un convenio marco de colaboración asinado entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do programa *Peme Dixital* no ámbito do *Plan Avanza*
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda 2008 ao convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento do *Programa Cidades Dixitais Electrónicas* no ámbito do *Plan Avanza*

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Becerreá, para a reparación e consolidación de Ponte Gatín

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) para o ano 2008

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto relativo á sinatura dunha addenda para a terceira prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a agrupación de interese económico 'Lonxa de Campelo', para a realización do proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto relativo á sinatura dunha addenda pola que se prorroga o convenio de colaboración asinado o 31 de decembro de 2007 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores de Baiona para a execución do proxecto de conservación e mellora das condicións ambientais da Foz do Miñor



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilardevós, para a execución da obra Convenio MAPA. Abastecemento e saneamento en Arzádegos e Vilardevós (Ourense), por importe de 615.500 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello do Grove, para a obra do acondicionamento e mellora do barrio Virxe das Mareas, e o seu contorno

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe relativo á Memoria 2007 de actividades de coordinación das policía locais de Galicia



MAXIMINO ZUMALAVE, INMACULADA PAZ ANDRADE E O CARRABOUXO, GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2008

▪ ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción***

O Goberno galego aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2008, coa que a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo no eido artístico, literario ou de calquera outra faceta da actividade humana. Deste xeito, o decreto aprobado hoxe acorda distinguir ao director de orquestra Maximino Zumalave, á investigadora Inmaculada Paz Andrade e ao debuxante José Luis González Vázquez, O Carrabouxo.

Maximino Zumalave

O músico Maximino Zumalave é director de orquestra e pianista. Naceu en Santiago de Compostela e formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling.

Foi fundador e director do Coro Universitario de Santiago (1979-1985) e do Collegium Compostellanum (1992-1995), principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e fundador da Real Filarmonía de Galicia, compartindo a dirección con Helmut Rilling ata o ano 2000, seguindo vinculado a esta formación como Principal Director Invitado e como Director Asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. En febreiro de 1995 foi elidido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes. É membro do Consello Directivo do Auditorio de Galicia e da ponencia de música do Consello da Cultura Galega.

Ten dirixido orquestras internacionais, entre elas, a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Orquestra Sinfónica de Praga. E no noso país dirixiu á Orquestra Nacional de España, a Sinfónica de Madrid, a Orquestra Ciudad de Barcelona, entre outras. Asemade, ten dirixido estrenos absolutos de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Gorba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, etc.

A súa actividade en Galicia permitiu achegar ao público galego un amplo repertorio que vai de Monteverde a Bach, así como compositores contemporáneos, ao tempo que achega a obra de compositores galegos a importantes auditorios europeos.

Como compositor é autor de pezas para coro sobre textos de Rosalía de Castro e Miguel Hernández, de música para obras de teatro e música religiosa (Misa en galego para coro de voces iguais e órgano), e composicións de cámara.



Desenvolve unha intensa actividade docente que inclúe concertos didácticos e leccións na cátedra de Teatro Lírico e Sinfonismo dos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela.

Inmaculada Paz Andrade

Nada en Pontevedra no ano 1928, é catedrática emérita de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (USC), científica, investigadora e pioneira da docencia. É recoñecida internacionalmente no ámbito da Termodinámica e da Microcalorimetría. Recentemente recibiu o premio María Wonenburger, que recoñece a traxectoria de mulleres nos eidos científico e tecnolóxico.

Inmaculada Paz Andrade foi, no campo da docencia, a primeira muller nomeada Profesora Adxunta (hoxe Profesora Titular) Interina da Facultade de Ciencias da USC, a primeira muller Profesora Adxunta por oposición, a primeira muller encargada de Cátedra da Facultade de Ciencias, a primeira muller profesora Agregada da Facultade de Química e a primeira muller Catedrática da Facultade de Física. Dirixiu máis de 30 teses de doutoramento.

No ámbito da investigación, iniciou unha carreira científica vocacional cunha traxectoria fulgurante que pronto é recoñecida tanto a niveis estatal como no eido internacional, converténdose en referencia mundial como especialista en Microcalorimetría, Termoxénese e Análise Térmico Diferencia. Creou o Grupo de Microcalorimetría da USC e os seus laboratorios. Introduciu a Microcalorimetría en España e creou escola investigadora en Microcalorimetría non só nas tres universidades galegas, senón tamén noutras do Estado e en centros do CSIC. No ámbito profesional internacional, está considerada como unha das mellores investigadoras no campo da Termodinámica e a Microcalorimetría, ten realizado máis de 225 publicacións científicas e colabora cos mellores especialistas a nivel mundial nos campos da súa especialidade. Creou e dirixe o grupo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (Grupo THOR), un sistema experto para predicir o risco de incendios forestais en Galicia que constitúe un fito na súa carreira investigadora e no que se inclúen investigadores das tres universidades galegas e o CSIC.

Recibiu a Medalla de Ouro de Física da Real Sociedade Española de Física (1992), o Premio Galicia de Investigación Científico. Técnica “Antonio Casares y Rodrigo” da Xunta de Galicia e a Insignia de Ouro da Universidade compostelá.

José Luís González Vázquez, O Carrabouxo

Xosé Luís González Vázquez, debuxante de humor galego, alcumado co pseudónimo O Carrabouxo, nace en Ourense no ano 1949. O seu personaxe de ficción homónimo O Carrabouxo é creado polo humorista en 1982 e caracterízase pola súa senlleira retranca galega. Entre as paixóns do personaxe cabe salientar o viño, as motos e os cartos.

Xosé Luís González Vázquez pasa a súa infancia en Osmos (Ourense), de onde era a súa familia, ata que aos dez anos muda para Chantada. Estuda na universidade laboral



de Zamora, e logo fai carreira de telecomunicacións en Alcalá de Henares e en Madrid, en 1968. traballa como xefe provincial de Telecomunicacións en Ourense, labor que comparte coa súa faceta de humorista gráfico. Foi membro da directiva da Agrupación Cultural Auriense e presidente deste colectivo durante 13 anos.

Xosé Luís González Vázquez colabora con regularidade nos xornais La Región de Ourense e Atlántico Diario de Vigo e tamén na revista Tempos Novos e o semanario A Nosa Terra, coa publicación de viñetas do seu personaxe O Carrabouxo.

Participou tamén en publicacións colectivas, entre éstas: Humor gráfico galego, O humoristas e a lingua ou Humor y tolerancia, From Galicia whit humor, Visto para sentencia –vamos a reinos muy en serio del racismo- europa se ríe del racismo, e tamén nas publicacións da Bienal da caricatura de Ourense e na mostra internacional portuguesa Humorgrafe.

En canto a súa obra, cabe salientar as seguintes publicacións: *Libros de humor gráfico, Ano e pico de carrabouxos, 20 anos de Carrabouxo* (Deputación de Ourense), *Novos chistes de Xosé Lois* (A Nosa Terra), *Humor gráfico e Xosé Lois na transición* (Universidade de Vigo).

O seu personaxe, O Carrabouxo, foi animado por Lhosca Arias no 2000 nunha serie titulada O Carrabouxo de 26 capítulos dun minuto de duración.

Medalla Castelao

A Medalla Castelao foi creada en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o 28 de xuño dese ano. O decreto de creación deste galardón sinala que a perfección, o simbolismo ou a transcendencia das obras e do labor dos premiados con este recoñecemento debe ser o froito da entrega dunha vida, e o reflexo dun traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia e no ser dun pobo.

A POBOACIÓN DE SAN XOÁN DE RÍO TERÁ COMO CENTRO DE REFERENCIA O COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

- ***O Consello da Xunta aproba un decreto que modifica a súa adscrición á área sanitaria de Valdeorras despois das melloras das comunicacións entre o concello de San Xoán de Río e o de Ourense***
- ***O cambio de adscrición dará resposta a unha demanda da cidadanía do municipio***



O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un decreto que cambia a adscrición sanitaria do concello de San Xoán de Río (Ourense), que pasará a ter como referencia para a prestación de atención especializada o Complexo Hospitalario de Ourense. Deste xeito, dáse resposta a unha demanda da cidadanía de San Xoán de Río.

Este concello estaba ata agora comprendido na área sanitaria de Valdeorras, pese á súa práctica equidistancia co concello de Ourense, co que na actualidade existen mellores comunicacións. Xa que logo e tendo en conta que este centro xa é referencia para determinadas especialidades se dispón que a atención sanitaria especializada hospitalaria da poboación adscrita ao Centro de Saúde de San Xoán de Río será prestada no Complexo Hospitalario de Ourense.

Asemade no decreto aprobado hoxe facúltase a conselleira de Sanidade para ditar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento e execución do disposto, que será efectivo aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Deste cambio de adscrición beneficiaranse 661 habitantes deste concello ourensán.



A XUNTA APROBA O DECRETO DE AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL QUE SUBSTITÚE AO ANTIGO REGULAMENTO DE ACTIVIDADES MOLESTAS, INSALUBRES, NOCIVAS E PERIGOSAS, QUE DATABA DO ANO 1961

- ***O novo decreto afectará a toda a actividade empresarial de Galicia, acurtando os prazos e simplificando os trámites***
- ***Só quedan fóra do eido de actuación do decreto as 210 industrias que xa están obrigadas a contar coa Autorización Ambiental Integrada e que son as potencialmente máis contaminantes da comunidade***
- ***A partir de gora, o 80% das licencias de actividade das empresas poderán ser concedidas directamente polos concellos, cando co antigo Raminp tiñan un complexo trámite no que participaban, en función do proxecto e da actividade, ata media ducia de consellerías***
- ***O trámite anterior tiña unha duración media de dous anos, que co novo decreto se pretende diminuír ata os tres meses, salvo no caso das empresas máis contaminantes***
- ***A diferenza do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (Raminp), o novo decreto fixa os prazos concretos para a resolución de incidencia, que será vinculante e preceptivo, ademais de clarificar as actividades que se teñen que someter a este procedemento***
- ***O novo regulamento ten como finalidade reducir en orixe as emisións á atmosfera, á auga e ao chan que se produzan, á vez que determinar as condicións para a correcta xestión das devanditas emisións***
- ***O procedemento de Avaliación da Incidencia Ambiental constatará a adecuación da actividade ás ordenanzas municipais á normativa urbanística, sanitaria e ambiental esixible***
- ***Con esta normativa a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible adaptase á Lei 34/2007 de calidade do aire e protección da atmosfera, que prevía a derogación do Raminp do ano 1961***

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, que substituirá ao Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (Raminp), unha normativa que data do ano 1961. Deste xeito, Galicia dótese dun instrumento acorde coa Lei 34/2007 de calidade do aire e protección da atmosfera, que derogaba o Raminp, aínda que permitía a súa vixencia naquelas comunidades autónomas en tanto non tiñan normativa aprobada na materia.

O novo regulamento afectará a toda a actividade empresarial de Galicia, salvo as 210 empresas que xa están reguladas polas autorizacións ambientais integradas e que son as consideradas máis contaminantes da comunidade.

Coa súa ampliación, o decreto de avaliación de incidencia ambiental posibilitará que aproximadamente un 80% das licencias de actividades podan ser concedidas



directamente polos propios concellos, cando ata o de agora podían chegar a participar na súa tramitación ata media ducia de consellerías, en función do proxecto e a actividade.

Por elo, o trámite dunha licenza de actividade, que podía tiña unha duración media de dous anos, quedará agora reducido a so tres meses.

A Avaliación de Incidencia Ambiental ten dúas finalidades principais:

- Regular e controlar as actividades sometidas a este procedemento coa finalidade de prever e reducir en orixe as emisións á atmosfera, á auga e ao chan que se produzan e determinar as súas condicións para unha correcta xestión das mesmas.
- Comprobar a adecuación da actividade ás ordenanzas municipais, á normativa urbanística, sanitaria e ambiental esixible.

O novo instrumento normativo será máis áxil na súa tramitación, xa que, a diferenza do Raminp, que non concretaba os períodos de resposta por parte da administración autonómica dando lugar a tempos de resolución dispares, a nova normativa fixa os prazos concretos que ten a mesma á hora de responder á solicitude de incidencia ambiental. Así, establécese que a Consellería de Medio Ambiente conta cun prazo máximo de 3 meses dende a recepción do expediente, unha vez llo remita o concello correspondente.

Na mesma liña, aquelas empresas que teñan que someterse a outros procedementos ambientais como son as declaracións de Impacto Ambiental (DIA) e Efectos Ambientais (DEA) bastaralles con presentar estes documentos en lugar de ter que someterse tamén a Avaliación de Incidencia Ambiental, tal e como viña ocorrendo ata o de agora co Raminp; posto que aqueles son procedementos de rango superior á incidencia.

Respecto á lexislación anterior, a Avaliación de Incidencia Ambiental é moito máis clara á hora de determinar que actividades se teñen ou non que someterse a este procedemento, o que lle permitirá aos solicitantes axilizar a tramitación administrativa tanto no caso de ter que solicitar ditame como dos que non estean obrigados, a diferenza do regulamento existente ata o de agora que era moito máis difuso neste punto.

Así mesmo, a resolución de incidencia ambiental será preceptiva e previa ao outorgamento da licenza de actividade por parte do Concello. De feito, cando sexa negativo ou se impoñan medidas correctoras que non estivesen no proxecto e na memoria que o solicitante adxunte coa solicitude, o ditame terá efectos vinculantes para a autoridade municipal á que corresponda resolver a concesión da licenza de actividade.

O procedemento de Avaliación de Incidencia Ambiental afecta, segundo a lei 1/1995 de Protección Ambiental de Galicia -que tamén prevía a creación deste normativa-, a todas as actividades recollidas no nomenclátor que se aproba xunto co decreto, así como aquelas que, non figurando no mesmo, merezan a cualificación de molestas, insalubres, nocivas e perigosas por parte da Consellería de Medio Ambiente. Deste xeito, dáse maior



cobertura en materia de protección medioambiental a este tipo de actividades, á vez que se adapta a normativa ás leis máis recentes nesta materia.

No que respecta á tramitación do procedemento para a Avaliación de Incidencia Ambiental, este serán os pasos a seguir:

- A persoa física ou xurídica que pretenda desenvolver unha actividade comprendida no decreto deberá presentar licenza de actividade no concello no que se sitúa a instalación que vai desenvolver. Con carácter previo, o interesado poderá realizar unha consulta, que non ten carácter vinculante, acerca do sometemento ou non ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.
- Unha vez recibida a solicitude e a documentación correspondente sobre a empresa, o Concello emitirá un informe sobre a compatibilidade da actividade cos instrumentos de planificación urbanística municipais. No caso de ser incompatibles, o Concello poderá resolver de xeito negativo a licenza. Pola contra, se é compatible, deberase someter o expediente a información pública durante 20 días e o notificará persoalmente aos veciños e titulares de dereito inmediatos ao lugar de localización proposta para que poidan alegar se o estiman oportuno.
- Unha vez completado o trámite anterior, o Concello remitirá á Consellería de Medio Ambiente o expediente, xunto ás alegacións presentadas –se as houbera- e os informes de compatibilidade emitidos.
- Unha vez recibido o expediente, a Consellería solicitará informe dos órganos da administración, que pola natureza da actividade deban pronunciarse; dispoño dun prazo máximo de tres meses dende a entrada do expediente para a emisión do ditame de incidencia ambiental.

O anexo de actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental pode consultarse ao final da referencia do Consello da Xunta
A XUNTA ACHEGARÁ 219.000 EUROS Á FÁBRICA DE MOEDA PARA A PRESTACIÓN DE DISTINTOS SERVIZOS QUE PERMITIRÁN AVANZAR NA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- ***O Consello aprobou hoxe a prórroga dun convenio que ten como obxectivo facilitar aos cidadáns as relacións coa Administración autonómica a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos***
- ***As catro deputacións provinciais poderán incorporarse ao convenio que serve para certificar a sinatura electrónica, que poderán utilizar os cidadáns a través da e-administración facilitando as súas tramitacións***
- ***Os certificados que expida a Fábrica de Moeda serán válidos nas administracións públicas do Estado***

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe a prórroga por un ano do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para facilitar



aos cidadáns as relacións coa Administración autonómica a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Segundo esta prórroga -o convenio orixinarmente foi asinada polas dúas partes o 18 de xuño do ano pasado-, a Fábrica de Moeda e Timbre prestará os servizos de certificación da sinatura electrónica e outros servizos relativos á Administración electrónica por importe de 219.108 euros. En concreto, achegaranse dúas partidas de 109.554 cada unha, correspondentes ao segundo semestre do 2008 e ao primeiro do 2009. Ademais, poderán adherirse ou incorporarse a este convenio calquera das catro deputacións provinciais galegas.

O obxecto deste convenio é a prestación, por parte da FNMT-RCM, dos servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios para garantir, no ámbito da Xunta de Galicia, a seguridade, validez e eficacia da emisión e recepción de comunicacións e documentos a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT). Deste xeito, o Goberno autonómico avanza cara á implantación da Administración electrónica que facilitará as tramitacións e axilizará os trámites que realicen os cidadáns nas súas relacións coa Administración galega.

Validez dos certificados

Segundo establece a normativa vixente, corresponde á FNMT-RCM a prestación de servizos EIT ás persoas que teñan a condición de usuario nas súas relacións xurídicas coas administracións públicas e, se é o caso, no ámbito privado coas empresas que admitan a súa utilización nos seus rexistros, procedementos e trámites. Polo tanto, os certificados (títulos de usuario) que expida a FNMT-RCM no ámbito público de actuación poderán ser utilizados polos usuarios nas súas relacións coa Administración galega, entre outras. Deste xeito, a Xunta de Galicia deberá asumir a súa universalidade.

Dunha banda, o convenio recolle a necesidade de crear unha Rede de oficinas de acreditación por parte da Administración galega e que se integrarán na Rede de Oficinas de Acreditación da Fábrica ás que os cidadáns poden dirixirse para obter un certificado electrónico. Neste sentido, a Consellería de Presidencia xa creou unha destas oficinas de acreditación en cada unha das súas delegacións provinciais, ao tempo que acaba de notificar á FNMT a posta en marcha de novas oficinas no ámbito da Administración de Xustiza. Nestas instalacións, que contan cos medios informáticos precisos para conectarse telematicamente á FNMT-RCM e persoal cualificado para tal fin, a acreditación e identificación dos solicitantes dos certificados exixirá a comprobación da súa identidade e a súa vontade de que sexa expedido un certificado electrónico.

Outras das obrigas da Xunta de Galicia serán a emisión cando proceda do recibo de presentación onde se faga constancia da data e hora de recepción das comunicacións recibidas; a conservación da notificación, comunicación ou documentación emitida e recibida nas transaccións durante o tempo pertinente; cifrar as comunicacións emitidas e recibidas; realizar as actividades de identificación previa á obtención do certificado electrónico e de comprobación da identidade en calidade de oficina de acreditación.



Doutra banda, a FNMT-RCM deberá achegar a infraestrutura técnica e organizativa necesaria, prestar a asistencia técnica para facilitar á Xunta de Galicia o bo funcionamento dos sistemas e actualizalos tecnoloxicamente; achegar os dereitos de propiedade industrial e organizativa; emitir selos de tempo nas comunicacións EIT e achegar a tecnoloxía precisa para a constitución das Oficinas de Acreditación e a tramitación de solicitudes de emisión de certificados electrónicos.

Este convenio recolle a posibilidade de que, durante a súa vixencia, poidan incorporarse, xuntas o por separado, as deputacións da Coruña, Ourense, Lugo e Pontevedra. Deberán facelo xunto cos concellos das súas demarcacións territoriais con menos de 50.000 habitantes, formalizando coa Xunta de Galicia e a RFMT-RCM, unha addenda que formará parte deste documento.

Comisión de seguimento

A comisión encargada do seguimento, control e supervisión das incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento estará formada por un representante da Xunta de Galicia (o director xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas), un representante da FNMT-RCM (director do Departamento Ceres) e, se é o caso, un representante de cada unha das deputacións provinciais que se adhiran a este convenio.



A XUNTA INVISTE 31 MILLÓNS DE EUROS NOS 4,4 QUILÓMETROS DO ÚLTIMO TREITO DA VARIANTE DE MARÍN

- ***A Consellería de Política Territorial completará así a infraestrutura que permitirá enlazar coa autoestrada do Atlántico***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 31,17 millóns de euros para a construción do último treito da variante de Marín, que permitirá enlazar coa autoestrada do Atlántico. Este tramo terá 4,4 quilómetros e completará o treito xa construído da infraestrutura dende O Regueiriño, en Marín, ata o seu enlace final coa Autovía Pontevedra-Marín (PO-12) e co ramal de acceso á autoestrada do Atlántico (PO-11). Aos 31 millóns autorizados hoxe polo Consello da Xunta para a construción da circunvalación hai que engadir preto de 1,5 millóns para o pagamento das expropiacións e case 1,2 millóns para a reposición dos servizos afectados.

O último treito da variante de Marín disporá de dous carrís de 3,5 metros e dúas beiravías de 2,5 metros. Ao longo do seu percorrido terá tres viadutos: o primeiro de 35 metros de lonxitude sobre a estrada convencional Pontevedra-Marín (PO-546), o segundo de 178 metros nas proximidades do núcleo de Igrexa e o terceiro de 272 metros nas proximidades da Almuiña. Tamén están proxectados camiños de servizo a ambos os lados do tronco da circunvalación así como tres pasos inferiores e un superior que permitirán dar continuidade á rede viaria local.

O enlace final da variante será a través dunha glorieta elevada que se construírá sobre a autovía Pontevedra-Marín (PO-12) e a liña de ferrocarril. Ese enlace obrigará a modificar tanto en planta como en alzado a actual PO-12 ao longo de 1.280 metros.

A circunvalación de Marín, que executa a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ten unha especial importancia para evitar o paso dos vehículos polo núcleo urbano de Marín. A obra repercutirá tanto na mellora da calidade de vida dos cidadáns da vila como na mellora da seguridade viaria dos condutores e dos peóns.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 40 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO TREITO DA VÍA ÁRTABRA ENTRE A NACIONAL VI E O ENLACE DE MEIRÁS

- ***O treito para o que hoxe se autorizou o gasto inclúe a Variante de Oleiros***
- ***O custe de toda a nova infraestrutura entre o Porto de Lorbé e a Autovía do Noroeste, completamente gratuíta para os usuarios, ascende a 140 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un gasto de 40,5 millóns de euros para acometer a construción do treito da Vía Ártabra entre a Nacional VI e o enlace de Meirás, e que inclúe a variante de Oleiros. Esta contía refírese unicamente ás obras, xa que o orzamento total deste treito ascende a 52 millóns de euros incluídas as expropiacións e os servizos afectados.

Este treito está formado polo tronco principal da Vía Ártabra entre a N-VI e Meirás, que ten unha lonxitude de 5,4 quilómetros, e pola variante de Oleiros, que ten preto de 1,8 quilómetros. No tronco principal, os primeiros 2,6 quilómetros dende a N-VI terán características de autovía, isto é, catro carrís de 3,5 metros repartidos en dúas calzadas separadas por unha mediana dun metro e por dúas beiravías interiores doutro metro de anchura, ademais de dispor de beiravías exteriores de 2,5 metros. O resto do treito terá características de vía de alta capacidade.

Pola súa banda, a variante de Oleiros arranca da estrada Perillo-Oleiros (AC-174) á altura da Rabadeira, enlaza coas estradas Oleiros-O Carballo, Oleiros-Iñás e Oleiros-Soñeiro, e servirá para desviar o tráfico da vila e como novo acceso ao Polígono Industrial de Iñás.

O autorizado hoxe é o treito intermedio da Vía Ártabra, infraestrutura que discorrerá entre o Porto de Lorbé e a Autovía do Noroeste e na que a Consellería de Política Territorial investirá un total de 140 millóns de euros. Esta será unha vía de alta capacidade que permitirá artellar mellor as redes viarias dos concellos de Oleiros e Sada completando ás actuais estradas secundarias e locais, redistribuíndo e separando os tráfico de curto e longo percorrido e incrementando así a mobilidade dos cidadáns. Esta nova infraestrutura, que forma parte do Plan Sectorial da rede viaria da área da Coruña, constitúe tamén unha peza clave para optimizar a funcionalidade da rede de vías de alta capacidade que articulan a cidade coa súa área de influencia. Trátase dunha infraestrutura totalmente gratuíta que estará conectada coa Autovía do Noroeste (A-6) e a estrada N-VI, e que tamén posibilitará aos usuarios acceder á Autoestrada do Atlántico (AP-9). Permitirá, polo tanto, mellorar as comunicacións e a seguridade viaria nos concellos da área metropolitana da Coruña nos que viven máis de 340.000 cidadáns.

AS ACTIVIDADES FORMATIVAS DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA CONTARÁN CUN ORZAMENTO DE 3,1 MILLÓNS DE EUROS PARA ESTE ANO



- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Escola Galega de Administración Sanitaria para o financiamento das súas actividades***
- ***A Escola Galega de Administración Sanitaria desenvolverá este ano 675 cursos cunha duración total de máis de 11.000 horas lectivas***
- ***O convenio detalla a colaboración en materia de formación, investigación sanitaria, avaliación de tecnoloxías sanitarias, sistema que acredite a formación continuada, e outras actividades conxuntas que se poidan acordar***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde a renovación do convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Sanitaria para este ano 2008. O importe destinado a este convenio de colaboración ascende a 3.171.000 euros. Trátase do oitavo convenio que se asina, continuando cada ano unha colaboración iniciada en 1998.

A Escola Galega de Administración Sanitaria realizará inicialmente neste 2008 un total de 675 actividades formativas, que se desenvolven nun total de 11.032 horas.

O obxecto do convenio é a execución do Plan de formación e reciclaxe en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria; así como a formación continuada do persoal e o desenvolvemento do Plan de Calidade para Prescrición do Medicamento.

O convenio tamén ten por obxecto habilitar a actuación da Escola Galega de Administración Sanitaria como entidade colaboradora de proxectos de investigación iniciados ou avalados pola Consellería de Sanidade ou o Servizo Galego de Saúde.

En materia de avaliación de tecnoloxías sanitarias, a Escola Galega de Administración Sanitaria ofrece apoio técnico, administrativo e de servizos ao Servizo de Desenvolvemento de Sistemas de Avaliación de Tecnoloxías, integrado na Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade.

Esta colaboración tamén regula o apoio da Escola Galega de Administración Sanitaria ao sistema acreditador da formación continuada das profesións sanitarias en Galicia. Tamén establece o marco para realizar actividades conxuntas que as entidades asinantes desta colaboración poidan acordar.



A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 2,3 MILLÓNS DE EUROS AO DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS CIDADES DIXITAIS E PEME DIXITAL

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura de dúas addendas aos convenios de colaboración co Ministerio de Industria polos que se desenvolven estes programas, no marco do Plan Avanza***
- ***O Ministerio de Industria achegará 3 millóns de euros mentres que os concellos destinarán máis de 500.000 euros a cofinanciar as actuacións previstas nos convenios***
- ***Os programas de Cidades Dixitais Electrónicas teñen por obxecto a implantación dos servizos e aplicacións da Administración electrónica no eido municipal e de servizos dixitais para cidadáns e empresas locais***
- ***O programa de Peme Dixital buscan incrementar o grao de adopción das TIC nas pequenas e medianas empresas aumentar a implantación do negocio electrónico***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición de dúas addendas aos convenios de colaboración existentes entre o Ministerio de Industria e o Goberno galego para desenvolver os programas Cidades Dixitais e Peme Dixital no marco do Plan Avanza que suporán unha achega de 2,3 millóns de euros por parte da Consellería de Innovación.

No primeiro dos casos, a consellería achegará 1,1 millóns de euros nos anos 2008 e 2009 para o desenvolvemento do Programa Cidades Dixitais. A achega do Ministerio será de 1.270.245 euros mentres que a dos concellos ascenderá a 521.454 euros.

O departamento autonómico executará os instrumentos precisos conducentes a acadar os obxectivos do Programa Cidades Dixitais Electrónicas e no caso de optar por acordos de colaboración cos concellos, levará a cabo a correspondente convocatoria pública de selección de cidades ou entidades locais.

Os proxectos e actuacións financiáveis centraranse nos servizos e aplicacións de Administración electrónica (como proxectos de implantación de ferramentas ou solucións tecnolóxicas para a modernización da xestión interna da administración local; actuacións dirixidas a mellorar a interacción dos servizos públicos cos cidadáns a través da incorporación das TIC; ou proxectos de implantación de aplicacións que faciliten a interoperabilidade entre administracións públicas); nos servizos dixitais dirixidos a cidadáns e empresas do ámbito local (como proxectos que, mediante o uso das TIC, se encamiñen a mellorar os servizos públicos en aspectos como o comercio electrónico, a teleasistencia, a cultura, o turismo, o ocio ou a accesibilidade de colectivos con necesidades especiais); e a formación e difusión.

Peme Dixital

De igual xeito, o Consello da Xunta autorizou a subscrición doutra addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria e a Xunta de Galicia para o



desenvolvemento do programa Peme Dixital, tamén no marco do Plan Avanza e en virtude da que a consellería realizará unha achega de 1,22 millóns de euros neste ano 2008, mentres que o Ministerio achegará os 1.807.784 euros restantes para o desenvolvemento do programa. Peme Dixital oriéntase, a través de distintas liñas de actuación, a incrementar o grao de adopción das TIC nas Pemes e aumentar a implantación do negocio electrónico, incluíndo en particular a implantación da factura electrónica.



O GOBERNO GALEGO REPARARÁ E CONSOLIDARÁ A PONTE GATÍN, EN BECERREÁ, CUN INVESTIMENTO DE 164.445 EUROS

- ***O Consello da Xunta aprobou un convenio entre a Consellería de Cultura e o Concello de Becerreá para a restauración desta construción datada entre os séculos XVI e XVII***
- ***Este ano investiranse 640.000 euros en tres pontes históricas, a de Ponte Gatín, a Ponte de Traba en Noia, e a de Pontevea en Teo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Becerreá para reparar e consolidar a Ponte Gatín, en Becerreá. Trátase da primeira das tres actuacións que acometerá a Consellería de Cultura coas que pretende consolidar a citada ponte de Gatín, a Ponte de Traba (Noia) e a de Pontevea (Teo), construídas entre os séculos XIV e XVII.

Cultura investirá 164.445 euros na reparación e consolidación desta construción datada entre os séculos XVI e XVII. Esta construción está situada nun lugar onde houbo desde antigo un paso por ponte, desde a Idade Media ou é posible que incluso desde época romana.

Para a reparación da ponte, limparase a vexetación en ambas as marxes, suprimindo as árbores que están danando a fábrica da ponte. Farase unha limpeza de fábrica e rexuntado con argamasa de cal. Reconstruirase o tallamar e o espolón con mampostería de laxes. Tamén se repararán os petrís restituíndo a fábrica de mampostería. Por último eliminarase o pavimento actual para facer un novo con lousa da zona.

En total, a Consellería de Cultura e Deporte vai investir 639.745 euros na reparación de pontes históricas.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 1,4 MILLÓNS DE EUROS NA ESTABILIZACIÓN PRODUTIVA DA RÍA DE PONTEVEDRA E NA MELLORA DE CONDICIÓN AMBIENTAIS DA FOZ DO MIÑOR

- ***O Consello da Xunta acorda prorrogar ata setembro o convenio sobre a ría de Pontevedra e ata o remate de ano a autorización marisqueira da confraría de Baiona***
- ***Estas actuacións forman parte das medidas que está impulsando a Administración pesqueira galega para evitar as consecuencias da inactividade dos bancos marisqueiros pola súa catalogación como zona C***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dúas addendas que permitirán prorrogar os convenios polos que se rexen o proxecto de estabilización produtiva da ría de Pontevedra e o de conservación e mellora das condicións ambientais da Foz do Miñor (Baiona). Estas actuacións suporán unha achega de 1.426.684 euros por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e permitirán prolongar os protocolos actuais ata finais de setembro, no caso pontevedrés, e ata o remate de 2008 para a autorización marisqueira da Confraría de Pescadores de Baiona.

Tanto as dúas addendas como os propios convenios forman parte das iniciativas que está impulsando a Administración pesqueira galega para paliar as consecuencias da inactividade dos bancos marisqueiros e que afecta os traballadores do mar en varias rías galegas pola catalogación das súas áreas de produción como zona "C". De feito, esa clasificación impídelle comercializar en fresco os moluscos extraídos e a venda para a transformación apenas lles resulta rendible.

Ría de Pontevedra

En canto á ría de Pontevedra, o Goberno galego autorizou no día de hoxe a sinatura dunha addenda para a terceira prórroga do convenio de colaboración suscrito, o pasado mes de setembro, entre a Consellería de Pesca e a agrupación de interese económico "Lonxa de Campelo" (que integra as confrarías de Pontevedra, Raxó e Lourizán) para a execución do proxecto de estabilización produtiva dos bancos marisqueiros.

Deste xeito, a vixencia do devandito protocolo, que estaba fixada ata o 30 de xuño de 2008, esténdese ata o 30 de setembro deste ano e suporá unha achega de 1.306.624 euros por parte do departamento autonómico. Como contrapartida, entre as tarefas que teñen que desenvolver os mariscadores están traballos de limpeza dos bancos marisqueiros, traslados de semente de bivalvo de zonas de baixa produción a outras de mellor crecemento e acondicionamento do substrato.

Esta nova ampliación vén motivada porque os datos microbiolóxicos do banco marisqueiro de Placeres, catalogado como zona C dende abril de 2007, e despois da entrada en funcionamento do novo sistema de depuración da zona, dan mostra dunha notable mellora na calidade das augas, pero insuficiente para un eventual cambio de clasificación.



Na execución do proxecto de estabilización produtiva dos bancos marisqueiros da Ría de Pontevedra están a participar activamente os titulares do permiso de explotación para marisqueo a pé asociados ás confrarías de pescadores de Pontevedra, Raxó e Lourizán, que explotan de xeito conxunto o banco marisqueiro de Placeres como consta nas ordes de 2007 e 2008 polas que se aproban os plans xerais de explotación marisqueira para os citados anos. Así mesmo, as propias confrarías son as que controlan a distribución e realización dos traballos que se van executar ao amparo do convenio asinado con Pesca.

Foz do Miñor

Por outra banda, o Goberno galego tamén autorizou hoxe a sinatura dunha addenda pola que se prorroga o convenio de colaboración subscrito a finais de 2007 entre a Consellería de Pesca e a Confraría de Pescadores de Baiona para a execución do proxecto de conservación e mellora das condicións ambientais da Foz do Miñor. Deste xeito, a vixencia do protocolo, fixada ata o 30 de xuño deste ano, amplíase ata o 31 de decembro e supón unha achega de 120.060 euros por parte da Administración pesqueira galega.

Este protocolo derívase da imposibilidade de vender en fresco os moluscos bivalvos extraídos na parte media e interna do esteiro do río Miñor (zona de autorización marisqueira do pósito de Baiona), o que comporta a ausencia de actividade nesta zona. De cara a paliar os efectos desa inactividade, a Consellería asinou coa confraría un convenio en marzo de 2007, subscibíndose un novo documento a finais dese exercicio. Coa execución deste proxecto perséguese o mantemento das condicións produtivas dos bancos marisqueiros, evitando a compactación do substrato e a acumulación de lodos.

Na execución desta medida cóntase coa participación activa dos titulares de permiso de explotación para marisqueo a pé asociados á confraría de Baiona, de xeito voluntario. Pola súa parte, o pósito coordina e controla a distribución e realización dos traballos, baixo a supervisión dos técnicos designados pola consellería.



A XUNTA INVESTIRÁ 615.500 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO A NÚCLEOS DE POBOACIÓN DE VILARDEVÓS (OURENSE)

- ***A actuación, que conta cun prazo de execución de catro meses, inclúe as captacións de saneamento e abastecemento ao futuro parque empresarial da vila***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o proxecto para a execución da obra de saneamento e abastecemento nos núcleos de Arzádegos e Vilardevós, no concello ourensán de Vilardevós. A actuación conta cun orzamento de 615.500 euros, que serán financiados pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) con cargo ao convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (Mapa) e a Xunta de Galicia para actuacións de mellora no medio rural.

O proxecto conta cun prazo de execución de catro meses e inclúe as actuacións necesarias para construción da rede de abastecemento e saneamento no núcleo de Arzádegos, así como a realización de dúas captacións e as correspondentes traídas ata o depósito regulador existente.

No que respecta ao núcleo de Vilardevós, a actuación aprobada hoxe recolle o saneamento e abastecemento do futuro parque empresarial e a construción de dúas captacións e das redes de auga correspondentes para dotar deste servizo o citado núcleo de poboación. A obra complétase cunha traída e a execución dun depósito regulador de 20.000 litros de capacidade en Santa María e a rede ata o núcleo existente.



A XUNTA INVISTE 184.880 EUROS NAS OBRAS DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO BARRIO VIRXE DAS MAREAS E O SEU CONTORNO, NO CONCELLO DO GROVE

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello arousán para levar a cabo esta actuación, que conta cun orzamento total de 231.100 €***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello do Grove para acometer obras de mellora e acondicionamento no Barrio Virxe das Mareas. O investimento total previsto para esta actuación ascende a 231.100 euros, dos que 184.880 € son achegados pola consellería.

O investimento do departamento autonómico distribúese en dúas anualidades: 64.880 euros con cargo aos orzamentos de 2008, e os 120.000 euros restantes con cargo aos orzamentos de 2009.

As actuacións previstas teñen por finalidade humanizar o barrio, que data de mediados do século XX, mellorando os actuais servizos urbanísticos, dotándoo de novos servizos, eliminar barreiras arquitectónicas e mellorar a comunicación das rúas.

As obras previstas no convenio de colaboración consistirán fundamentalmente na renovación das redes de abastecemento de auga, saneamento e pluviais, ampliando os servizos coa instalación de novas redes como a de gas. Ademais, colocarase mobiliario urbano para humanizar o contorno, e rematarase a urbanización das rúas e da praza existente, empregando materiais acordes co ámbito e poñendo en valor as vivendas.

Esta actuación enmárcase nunha das liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste no fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.



GALICIA INCREMENTOU O ANO PASADO EN 82 AXENTES O NÚMERO DE EFECTIVOS DAS POLICÍAS LOCAIS

- ***A Consellería de Presidencia presenta no Consello a Memoria 2007 das actividades de coordinación das policía locais***
- ***O Goberno galego cedeu aos concellos un total de 64 vehículos para mellorar a dotación dos corpos de policía locais***
- ***Un total de 131 concellos dispoñen en Galicia deste servizo***
- ***A Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia aprobou a constitución do grupo de traballo encargado do desenvolvemento normativo da Lei de coordinación de policía locais***

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentou hoxe ante o Consello da Xunta a Memoria 2007 das actividades de coordinación das policía locais de Galicia, na cal se recollen as principais accións desenvolvidas pola consellería competente en materia de seguridade e pola Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia -órgano consultivo e de participación neste eido-, así como unha recompilación de toda esta actividade durante o pasado ano.

Segundo os datos recollidos na Memoria, un total de 59 concellos acolléronse ás ordes de concesión de axudas económicas aos municipios para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán. En concreto, foron 26 concellos da provincia da Coruña; 9 de Lugo; 5 de Ourense e 19 de Pontevedra. As subvencións concedidas ascenderon a 240.000 euros.

Así mesmo, a Consellería de Presidencia cedeu aos concellos un total de 64 vehículos para mellorar a dotación coa que contan as policía locais de Galicia. En concreto, foron 25 todoterreos, 14 motocicletas e 25 turismos os facilitados a distintos concellos da comunidade autónoma.

Rexistro de policía locais de Galicia

A Memoria tamén recolle a evolución do número de efectivos das policía locais de Galicia ao longo de 2007. Así, este documento revela que durante o pasado ano o número de altas foi de 324, mentres que o de baixas se elevou a 242, o que supón un saldo positivo de 82 axentes.

Estes datos melloran os rexistrados no ano 2006, cando se produciron 107 altas e 36 baixas, cun saldo positivo de 71 axentes máis.

Segundo a Memoria, no ano 2007 un total de 131 concellos de Galicia contaban con corpo de Policía Local, mentres que 12, non tendo servizo de policía si contaban con vixilantes e 172 carecían de ambos os dous servizos

Concellos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
------------------	-----------------	-------------	----------------	-------------------	----------------



Con Policía Local	60	17	15	39	131
Sen Policía Local, con Vixilantes	0	4	2	6	12
Sen Policía Local nin Vixilantes	34	46	75	17	172

A Memoria 2007 das actividades de coordinación das policía locais de Galicia recolle as actas da Comisión de Coordinación e os datos do rexistro de Policía Locais en Galicia. Tamén aborda as principais actuacións da Consellería en materia de coordinación de policía locais de Galicia nos eidos normativo, de control e seguimento para garantir a aplicación das normas de coordinación, de promoción do uso de novas tecnoloxías e de financiación de medios humanos e materiais.

A actividade da Comisión de Coordinación das Policía Locais durante o ano 2007 desenvolveuse a través de dúas sesións ordinarias celebradas os días 21 de maio e 5 de novembro. Estas reunións serven de foro de debate para intercambiar opinións e suxestións e contribúen a incrementar a eficacia das actuacións na coordinación das policía locais.

Foi a Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia a que aprobou a constitución e composición do grupo técnico de traballo encargado de avanzar no desenvolvemento normativo da Lei 4/2007, de coordinación de Policía Locais, que entrou en vigor o 24 de maio do 2007. A Comisión, entre outras cousas, tamén informou tanto o anteproxecto de decreto de Rexistro de Policía Locais de Galicia -aprobado polo Consello da Xunta o 8 de maio do presente ano- como a orde pola que se regula a composición e funcionamento do gabinete técnico en materia de coordinación, aprobada pola Consellería de Presidencia o 9 de xaneiro de 2008.

Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia

A creación de dita Comisión está recollida na Lei 4/2007 do 20 de abril, que a define como un órgano consultivo e de participación e lle atribúe importantes funcións a prol da unificación e homoxeneización da prestación dos servizos policiais, dende un punto de vista integrador no eido da seguridade local. Deste xeito, facilítase a eficacia da actuación destes corpos policiais para asegurar a mellor protección da seguridade cidadán e garantir o libre exercicio dos dereitos e liberdades das persoas e colectivos. Trátase dun órgano de coordinación que está adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Entre as súas funcións destacan propoñerlle ás distintas administracións públicas medidas convintes para a mellora dos servizos das policía locais e promover cursos básicos e actividades de formación para a súa aprobación ou homologación. Así mesmo,



inclúese a emisión de informes sobre retribucións, plans de seguridade, normas ou proxectos de disposicións xerais, criterios de selección, formación, promoción ou mobilidade dos axentes e tamén sobre homoxeneización de medios técnicos e identificación e uniformidade.

Neste órgano están representados como vogais, ao abeiro do previsto na Lei 4/2007, catro representantes dos membros dos corpos das policía locais designados polos sindicatos máis representativos no sector da Administración local en Galicia, un representante designado pola asociación profesional de xefes dos corpos de policía locais de Galicia que teña maior representatividade, dez representantes dos concellos galegos que serán designados pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) -correspondendo cinco representantes aos concellos de máis de 50.000 habitantes e cinco aos concellos con menos de 50.000 habitantes- e cinco representantes da Xunta de Galicia designados polo conselleiro competente en materia de seguridade. Ademais, a Comisión está presidida polo conselleiro de Presidencia, José Luis Méndez Romeu, e a vicepresidencia corresponde á directora xeral de Interior, Isabel Durántez Gil.

Consonante ao disposto na Resolución do 9 de xullo de 2008, ditada polo conselleiro de Presidencia, os vogais por parte da Consellería son o secretario xeral da mesma, a directora xeral de Administración Local, a directora da Academia Galega de Seguridade Pública, o director xeral da Asesoría Xurídica e a subdirectora xeral de Seguridade e Réxime Interior. A secretaría corresponde a un funcionario da Dirección Xeral de Interior, con voz e sen voto, con categoría de xefe de servizo.



ANEXO DE ACTIVIDADES SUXEITAS AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

Grupo 1.- Actividades que poden ser susceptibles de considerarse como molestas, insalubres, nocivas e perigosas de acordo coas definicións establecidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de de protección ambiental de Galicia.

1.1. Explotacións de ganadería (código CNAE 01) ó acuicultura (CNAE 05) en réxime intensivo:

- 1.1.1. Explotacións avícolas: entre 1.000 e 40.000 prazas de galiñas poñedeiras e entre 1.000 e 55.000 prazas de polos.
- 1.1.2. Explotacións de porcino: entre 25 e 750 prazas de porcas nai e entre 50 e 2.000 prazas de porcos de engorda
- 1.1.3. Explotacións de vacún: entre 20 e 300 cabezas de vacún de leite e entre 20 e 600 cabezas de vacún de cebo
- 1.1.4. Explotacións de ovino e caprino: entre 500 e 2.000 cabezas
- 1.1.5. Explotacións cunícolas: entre 200 e 20.000 prazas
- 1.1.6. Instalacións para a acuicultura intensiva que teñan unha capacidade de produción entre 100 e 500 toneladas anuais.

1.2. Industria de produtos alimenticios e bebidas (código CNAE 15):

- 1.2.1. Matadoiros e instalacións para o sacrificio e/ou despezamento de animais cunha capacidade de produción de canais inferior a 50 toneladas por día.
- 1.2.2. Instalacións de eliminación ou aproveitamento de canais ou refugallo de animais con capacidade inferior a 10 tm/día.
- 1.2.3. Industrias lácteas nas que se reciba unha cantidade de leite entre 20 e 200 toneladas por día en valor medio anual.
- 1.2.4. Instalacións cuxa materia prima sexa de orixe vexetal cunha superficie útil superior a 1.000 m² ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW e unha capacidade de produción inferior a 300 toneladas por día de produtos acabados.

1.3. Industria téxtil (código CNAE 17); industria da confección e peletaría (código CNAE 18)

- 1.3.1. Instalacións para o tratamento previo (operacións de lavado, branqueo, mercerización) ou para a tinguidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento non supere as 10 toneladas diarias.
- 1.3.2. Outras instalacións cunha superficie útil superior a 1.000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW

1.4. Industria do coiro e calzado (código CNAE 19)

- 1.4.1. Instalacións para o curtido de coiros cando a capacidade de tratamento non supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.
- 1.4.2. Outras instalacións cunha superficie útil superior a 1.000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW

1.5. Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles; cestaría e espartaría (código CNAE 20)

- 1.5.1. Instalacións para o aserrado ou transformación da madeira cunha superficie útil superior a 1.000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW



1.6. Industria do papel (código CNAE 21), Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (código CNAE 22)

1.6.1. Instalacións de produción e tratamento de celulosa cunha capacidade de produción non superior a 15 toneladas diarias.

1.6.2. Instalacións destinadas á fabricación de papel e cartón cunha capacidade de produción non superior a 20 toneladas diarias.

1.6.3. Industria das artes gráficas cunha superficie útil superior a 1.000 m², ou unha potencia mecánica instalada superior a 250 kW

1.6.4. Actividades correspondentes á industria das artes gráficas que, non alcanzando as condicións de superficie e potencia sinaladas anteriormente, teñan un consumo de disolventes orgánicos igual ou superior a 15 toneladas/ano.

1.8. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas (código CNAE 25)

1.8.1. Instalacións para o tratamento de superficie de materiais plásticos por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas non sexa superior a 30 m³, excluídas as cubetas de lavado.

1.8.2. Outras instalacións para a fabricación de produtos de plástico e outros polímeros, mediante inxección, moldeo ou extrusión, cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW

1.9. Fabricación doutros produtos minerais non metálicos (código CNAE 26):

1.9.1. Instalacións de fabricación de cemento, magnesita e/ou clínker en fornos rotatorios cunha capacidade de produción non superior a 500 toneladas diarias, ou de cal en fornos rotatorios cunha capacidade de produción non superior a 50 toneladas por día, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción non superior a 50 toneladas por día.

1.9.2. Instalacións para a obtención de amianto e para a fabricación de produtos a base de amianto entendendo por tales as instalacións destinadas á extracción de amianto, así como o tratamento e transformación do amianto e dos produtos que conteñen amianto: para os produtos de amianto-cemento, cunha produción anual non superior a 20.000 toneladas de produtos acabados; para os usos do amianto como materiais de fricción, cunha produción anual non superior a 50 toneladas de produtos acabados; para os demais usos do amianto, unha utilización anual non superior a 200 toneladas.

1.9.3. Fabricación de formigón en instalacións cun prazo de implantación superior a 2 anos.

1.9.4. Talleres de cantaría cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.9.5. Instalacións para a elaboración de elementos prefabricados de formigón cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m², ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW.

1.9.6. Instalacións para a fabricación de vidro incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión non superior a 20 toneladas por día.

1.9.7. Instalacións para a fabricación de xeso e produtos cerámicos mediante forneado, en particular tellas, ladrillos, refractarios, azulexos ou produtos cerámicos ornamentais ou de uso doméstico, cunha capacidade de produción non superior a 75 toneladas por día, e unha capacidade de forneado non superior a 4 m³ nin tampouco superior a 300 kg/m³ de densidade de carga por forno.

1.10 Metalurxia (código CNAE 27); Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipamento (código CNAE 28)

1.10.1. Laminado en quente cunha capacidade non superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.

1.10.2. Forxado con martelos cuxa enerxía de impacto non sexa superior a 50 kiloxulios por martelo ou cando a potencia térmica utilizada non sexa superior a 20 MW.

1.10.3. Aplicación de capas de protección de metal fundido cunha capacidade de tratamento non



- superior a 2 toneladas de aceiro bruto por hora.
- 1.10.4. Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción non superior a 20 toneladas por día.
- 1.10.5. Instalacións para a transformación de metais ferrosos, entre as cales se atopa o laminado en quente cunha capacidade non superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.
- 1.10.6. Instalacións para a fusión de metais non ferrosos, inclusive a aliaxe, así como os produtos de recuperación (refinación, moldeado en fundición) cunha capacidade de fusión non superior a 4 toneladas para o chumbo e o cadmio e non superior a 20 toneladas para todos os demais metais, por día.
- 1.10.7. Instalacións para o tratamento de superficie de metais por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas non sexa superior a 30 m3, excluídas as cubetas de lavado
- 1.10.8. Outras instalacións para a fabricación de produtos metálicos cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m2, ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW .
- 1.11. Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras (código CNAE 36)
- 1.11.1. Instalacións para a fabricación de mobles, cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m2, ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW
- 1.11.2. Instalacións para o tratamento de superficie de materiais, obxectos ou produtos con utilización de disolventes orgánicos, en particular para aprestalos, estampalos, revestilos e desengraxalos, impermeabilizalos, pegalos, enlcalos, limpalos ou impregnalos, cunha capacidade de consumo non superior a 150 kg de disolvente por hora, nin tampouco superior a 200 toneladas por ano.
- 1.11.3 Instalacións para outras actividades manufactureiras, que unicamente realicen operacións de montaxe de compoñentes cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m2, ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW
- 1.12. Reciclaxe (código CNAE 37)
- 1.12.1. Instalacións para as actividades de recollida, tratamento, recuperación e eliminación de residuos sólidos, líquidos ou gasosos, urbanos, agrícolas ou industriais non suxeitos a outros instrumentos de avaliación ou autorización ambiental, incluíndo as instalacións de selección e tratamento e vertedoiros de residuos inertes cuxo período de explotación sexa igual ou superior a dous anos.
- 1.12.2. Centros autorizados de tratamento e descontaminación de vehículos ao final da súa vida útil con capacidade de xestión inferior a 2.200 vehículos por ano.
- 1.13. Captación, depuración e distribución de auga (código CNAE 41)
- 1.13.1. Instalacións de depuración de augas residuais urbanas, de capacidade entre 10.000 e 150.000 habitantes-equivalentes.
- 1.13.2. Instalacións de tratamento e, se é o caso, de reutilización de augas residuais tratadas.
- 1.14. Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor (código CNAE 50)
- 1.14.1. Talleres de reparación de vehículos e maquinaria cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m2, ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW
- 1.14.2. Parques de almacenamento de combustibles líquidos e unidades de subministración
- 1.14.3. Gasolineiras e estacións de servizo
- 1.15. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas (código CNAE 51)
- 1.15.1. Comercio por xunto de alimentos e bebidas en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m2 ou unha potencia superior aos 50 kW
- 1.15.2. Comercio por xunto de perfumaría e produtos de beleza
- 1.15.3. Comercio por xunto de produtos farmacéuticos



- 1.15.4. Comercio por xunto doutros produtos de consumo, en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m² ou unha potencia superior aos 50 kW
- 1.15.5. Comercio por xunto de produtos semielaborados, chatarra e produtos de refugallo en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m² ou unha potencia superior aos 50 kW
- 1.15.6. Comercio por xunto de combustibles sólidos, líquidos e gaseosos e produtos similares
- 1.15.7. Comercio por xunto de madeira, materiais de construción e aparellos sanitarios en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m² ou unha potencia superior aos 50 kW
- 1.15.8. Comercio por xunto de fertilizante e produtos químicos para a agricultura
- 1.15.9. Comercio por xunto de caucho e materias plásticas en formas primarias
- 1.15.10. Comercio por xunto de produtos químicos industriais e outros produtos semielaborados
- 1.15.11. Comercio por xunto doutros compoñentes e equipamentos electrónicos en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m² ou unha potencia superior aos 50 kW
- 1.15.12. Comercio por xunto de máquinas-ferramenta en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m² ou unha potencia superior aos 50 kW
- 1.15.13. Comercio por xunto de máquinas, accesorios e útiles agrícolas, incluídos os tractores en establecementos cunha superficie superior a 1.000 m² ou unha potencia superior aos 50 kW
- 1.15.14. Almacéns de obxectos e materiais que poidan ser prexudiciais para o ambiente, entendendo por tales aqueles que teñen presenza de substancias perigosas en cantidades tales que supoñan a existencia de risco de accidente grave

Grupo 2.- Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera incluídas no grupo B do anexo IV da Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera

Nota: Estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental aquelas instalacións nas que se desenvolva algunha das actividades incluídas neste grupo e que non estean suxeitas á declaración de impacto ou de efectos ambientais ou queden por baixo dos limiares sinalados no anexo II.

2.1. Enerxía

- 2.1.1. Centrais térmicas convencionais de potencia inferior a 50 MWt
- 2.1.2. Xeradores de vapor de capacidade superior a 20 t/h de vapor e xeradores de calor de potencia superior a 2.000 termias/h. Se varios equipos illados forman parte dunha instalación ou se varias instalacións illadas desembocan nunha soa cheminea común, aplicaranse para estes efectos a suma das potencias dos equipamentos ou instalacións illados
- 2.1.3. Fabricación de aglomerados e briquetas de carbón
- 2.1.4. Instalacións de acondicionamento e tratamento do carbón (machaqueo, moenda e cribado)
- 2.1.5. Almacenamento á intemperie de combustibles sólidos e residuos das centrais térmicas
- 2.1.6. Carbonización da madeira (carbón vexetal) en canto sexa unha industria fixa e extensiva
- 2.1.7. Instalacións de gasificación e licuefacción do carbón

2.2. Minería

- 2.2.1. Extracción de rocas, pedras, gravas e area (canteiras)
- 2.2.2. Instalacións de tratamento de pedras, cascallos e outros produtos minerais (machaqueo, esmiuzado, triturado, pulverizado, moenda, tamizado, cribado, mesturado, limpado, ensacado) cando a capacidade é superior a 200.000 t/a ou para calquera capacidade cando a instalación sen encontre a menos de 500 m dun núcleo de poboación
- 2.2.3. Instalacións de manutención e transporte nas explotacións mineiras
- 2.2.4. Almacenamento á intemperie de produtos minerais, incluídos os combustibles sólidos e escoriais

2.3. Siderurxia e fundición

- 2.3.1. Produción de fundición de ferro, ferro maleable e aceiro en fornos rotativos e cubilotes e fornos de arco eléctrico, con capacidade de produción igual ou inferior a 10 t
- 2.3.2. Fabricación de ferroalixaxes en forno eléctrico cando a potencia sexa igual ou inferior a 100 kW
- 2.3.3. Tratamento de escouras siderúrxicas



2.4. Metalurxia non férrea

- 2.4.1. Fabricación de sílico-aliaxes en forno eléctrico (silicio-aluminio, sílice-calcio, silicio-manganeso, etc., con excepción de ferrosilicio), cando a potencia do forno é superior a 100 kW
- 2.4.2. Refundición de metais non férreos
- 2.4.3. Recuperación dos metais non férreos mediante tratamento por fusión de chatarras, excepto o chumbo
- 2.4.4. Preparación, almacenamento á intemperie, carga, descarga, manutención e transporte de minerais nas plantas metalúrxicas

2.5. Transformados metálicos

- 2.5.1. Esmaltados de condutores de cobre
- 2.5.2. Galvanizado, estañado e enchumbado de ferro ou revestimentos cun metal calquera por inmersión en baño de metal fundido
- 2.5.3. Fabricación de placas de acumuladores de chumbo con capacidade superior a 1.000 t/a

2.6. Industrias químicas e conexas

- 2.6.1. Fabricación de amoníaco
- 2.6.2. Fabricación de alúmina
- 2.6.3. Produción de cloruro de amonio
- 2.6.4. Produción de derivados inorgánicos do mercurio
- 2.6.5. Produción de sales de cobre
- 2.6.6. Produción de óxidos de chumbo (minio e litarxirio) e carbonato de chumbo (albaialde)
- 2.6.7. Produción de selenio e os seus derivados
- 2.6.8. Produción de hidróxido de amonio, hidróxido potásico e hidróxido sódico
- 2.6.9. Produción de hidrocarburos fosforados
- 2.6.10. Produción de hidrocarburos haloxenados
- 2.6.11. Produción de fenol, cresois e nitrofenoles
- 2.6.12. Produción de piridina e metilpiridinas (picolinas) e cloropicrina
- 2.6.13. Produción de formol, acetaldehído e acroleína e os sus alquil-derivados
- 2.6.14. Produción e utilización de aminas
- 2.6.15. Produción de ácidos graxos industriais
- 2.6.16. Preparación de mesturas bituminosas a base de asfalto, betúns, alcatráns e breas
- 2.6.17. Produción de benzol bruto
- 2.6.18. Produción de colorantes orgánicos sintéticos
- 2.6.19. Produción de litopón, azul de ultramar, azul de Prusia e peróxido de ferro
- 2.6.20. Saponificación e cocción de xabón
- 2.6.21. Rexeneración do caucho
- 2.6.22. Produción de plásticos para moldeado do tipo vinílico, fenólico, acrílico, uretánico e haloxenado
- 2.6.23. Produción de cauchos nitrílicos e haloxenados
- 2.6.24. Produción de viscosa e fibras acrílicas
- 2.6.25. Fabricación de gornicións de fricción que utilicen resinas fenoplásticas
- 2.6.26. Fabricación de ebonita
- 2.6.27. Produción de tintas de imprenta
- 2.6.28. Instalacións químicas que utilicen un procedemento químico ou biolóxico para a fabricación de medicamentos de base
- 2.6.29. Produción de praguicidas
- 2.6.30. Fabricación de colas e xelatinas
- 2.6.31. Fabricación de explosivos

2.7. Industria téxtil (ningunha)

2.8. Industria alimentaria



- 2.8.1. Cervexarías e malterías
 - 2.8.2. Azucrerías, incluído o depósito de polpas húmidas de remolacha
 - 2.8.3. Fabricación de fariña de ósos e glute de peles
 - 2.8.4. Produción de fariña de peixe e extracción e tratamento do aceite de peixe
 - 2.8.5. Destilarias de alcohol e fabricación de augardentes cando a produción expresada en alcol absoluto é superior a 500 l/d
 - 2.8.6. Fabricación de fermento
 - 2.8.7. Almacenamento de sebos brutos destinados á extracción de graxas industriais
 - 2.8.8. Fundición, refundición, neutralización, branqueo e filtrado de graxas e sebos
 - 2.8.9. Produción de alimentos precociñados e afumado, secado e salgaduras de alimentos
 - 2.8.10. Produción de conservas de peixe, crustáceos e moluscos
 - 2.8.11. Almacenamento de peixes salgados, afumados ou secados cando a cantidade almacenada é superior a 500 kg
 - 2.8.12. Almacenamento de ovas de peixe
- 2.9. Industria da madeira, cortiza e mobles
- 2.9.1. Impregnación ou tratamento da madeira con aceite de creosota, alcatrán e outros produtos para a súa conservación
- 2.10. Industria de materiais para a construción
- 2.10.1. Fabricación de cal e xeso con capacidade de produción igual ou inferior a 5.000 t/a
 - 2.10.2. Fabricación de produtos de arxila para a construción, azulexos, material refractario e artigos de porcelana, louza e gres
 - 2.10.3. Fabricación de vidro
 - 2.10.4. Plantas de preparación de formigón
- 2.11. Industria da pel, coiro e calzado
- 2.11.1. Almacenamento de peles frescas ou coiros verdes
 - 2.11.2. Tratamento e curtido de coiros e peles
- 2.12. Industrias fabrís e actividades diversas
- 2.12.1. Aplicación en frío de vernices non graxos, pinturas e tintas de impresión sobre calquera soporte e cocción ou secado destes, cando a cantidade almacenada no taller é superior a 1.000 litros
 - 2.12.2. Plantas de tratamento de residuos urbanos con capacidade igual ou inferior a 150 t/d
 - 2.12.3. Instalacións para a eliminación dos residuos non perigosos, en lugares distintos dos vertedoiros, cunha capacidade de máis de 50 t/día
 - 2.12.4. Fornos crematorios (hospitais e cemiterios)
 - 2.12.5. Almacenamento á intemperie e manipulación de materiais e desperdicios pulverulentos
 - 2.12.6. Transformación de tripas e tendóns
- 2.13. Actividades agrícolas e agro-industriais
- 2.13.1. Cortellos para máis de 100 cabezas de gando bovino
 - 2.13.2. Instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos que dispoñan de máis de: a) 40.000 emprazamentos se se trata de galiñas poñedeiras ou do número equivalente para outras orientacións produtivas de aves, b) 2.000 emprazamentos para porcos de cría (de máis de 30 kg) e c) 750 emprazamentos para porcas
 - 2.13.3. Fabricación de pensos e procesado de cereais en gran
 - 2.13.4. Secado de pensos en verde en instalacións industriais
 - 2.13.5. Fundido de graxas animais
 - 2.13.6. Extracción de aceites vexetais
 - 2.13.7. Preparación de pelos, crines de orixe animal e plumas



- 2.13.8. Triperías
- 2.13.9. Almacenamento de ósos, pelo, hastas, cornos e pezuñas en estado verde

Grupo 3.- Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera incluídas no grupo C do anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera

Nota: Estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental aquelas instalacións nas que se desenvolva algunha das actividades incluídas neste grupo e que non estean suxeitas a declaración de impacto ou de efectos ambientais ou queden por baixo dos limiares sinalados no anexo II.

3.1. Enerxía

- 3.1.1. Xeradores de vapor de capacidade igual ou inferior a 20 t/h de vapor e xeradores de calor de potencia igual ou inferior a 2.000 termias/h. Se varios equipos illados forman parte dunha instalación ou se varias instalacións illadas desembocan nunha soa cheminea común, aplicaranse para estes efectos a suma das potencias dos equipamentos ou instalacións illados
- 3.1.2. Produción de gas pobre, de gasóxeno ou de auga

3.2. Minaría

- 3.2.1. Instalacións de tratamento de pedras e outros produtos minerais (machaqueo, esmiazado, triturado, pulverizado, moenda, tamizado, cribado, mesturado, limpado, ensacado) cando a capacidade é superior a 200.000 Tm/a.
- 3.2.2. Tallado, aserrado e pulido por medios mecánicos de rocas e pedras naturais
- 3.3. Siderurxia e fundición
 - 3.3.1. Tratamentos térmicos de metais férreos e non férreos
 - 3.3.2. Operacións de moldeo e tratamento de areas de fundición e outras materias de moldeo
 - 3.3.3. Fornos de conformado de ferros e perfís

3.4. Metalurxia non férrea

- 3.4.1. Refinación de metais en fornos de reverbero a excepción do chumbo e cobre
- 3.4.2. Fabricación de silicoalixaxes, excepto ferrosilicio, cando a potencia do forno é igual ou inferior a 100 kW

3.5. Transformados metálicos (ningunha)

3.6. Industrias químicas e conexas

- 3.6.1. Produción de cloruro e nitrato de ferro
- 3.6.2. Produción de compostos de cadmio, cinc, cromo, magnesio, manganeso e cobre
- 3.6.3. Produción de aromáticos nitrados
- 3.6.4. Produción de ácidos fórmico, acético, oxálico, adípico, láctico, salicílico, maleico e ftálico
- 3.6.5. Produción de anhídridos, acético, maleico e ftálico
- 3.6.6. Fabricación de produtos deterxentes
- 3.6.7. Produción de celuloide e nitrocelulosa
- 3.6.8. Produción de pinturas, vernices e lacas
- 3.6.9. Recuperación de prata por tratamento de produtos fotográficos
- 3.6.10. Fundido de resinas
- 3.6.11. Oxidación de aceites vexetais

3.7. Industria téxtil

- 3.7.1. Lavado e cardado de la
- 3.7.2. Fabricación de feltros e guatas

3.8. Industria alimentaria

- 3.8.1. Tostado e torrefactado de cacao, café, malta, chicoria e outros sucedáneos do café
- 3.8.2. Preparación de produtos opoterápicos e de extractos ou concentrados de carnes, peixe e



outras materias animais

3.8.3. Fritadas industriais de produtos alimentarios (peixes, patacas, etc.) nas aglomeracións urbanas

3.9. Industria da madeira, cortiza e mobles

3.9.1. Fabricación de taboleiros aglomerados e de fibras

3.10. Industria de materiais para a construción

3.10.1. Centrais de distribución de cementos a granel. Ensacado de cementos

3.10.2. Fabricación de produtos de fibrocemento

3.12. Industrias fabrís e actividades diversas

3.12.1. Aplicación sobre calquera soporte (madeira, coiro, cartón, plásticos, fibras sintéticas, tecido, fieltro, metais, etc.) de asfalto, materiais bituminosos ou aceites asfálticos, de vernices graxos e aceites secantes para a obtención de papel recuberto, tecidos recubertos (hules, coiros artificiais, teas e papeis aceitados e linóleos)

3.13. Actividades agrícolas e agroindustriais